



O Acordo da Xunta de Goberno do 2 de xuño de 1995 establece no seu apartado-89-que convocatoria no premio extraordinario realizarase para os alumnos que acadaran o grao no curso para o que se convoca. Por outra banda, os procedementos para a colación do grao de licenciado, requisito indispensable para concorrer ó premio extraordinario, permite a colación do grao pola modalidade traballo de investigación en calquera momento ó longo do curso e pola modalidade de exame entre o 15 de outubro e o 15 de novembro (artigo 7.2 do citado acordo).

Tendo en conta que a colación do grao pode realizarse nun momento procedemental no que escomenzou un novo curso, cómpre facer unha interpretación pola que se permita concorrer ó premio extraordinario sempre que os alumnos acadaran o grao coa cualificación de sobresaliente antes de que finalicen os prazos de matrícula para concorrer ó dito premio extraordinario.

Asemade, cómpre clarexar-las normas sobre inscrición, tramitación de actas e propostas do premio extraordinario.

POR TODO O EXPOSTO ESTA SECRETARÍA XERAL DICTA AS SEGUINTE INSTRUCCIÓNS:

PRIMEIRO.- ALUMNOS QUE PODEN CONCORRER Ó PREMIO EXTRAORDINARIO.

Os alumnos que desexen concorrer ó Premio Extraordinario de Licenciatura deberán ter o grao de licenciado coa cualificación de sobresaliente antes de que finalicen os prazos de inscrición para concorrer ó dito premio.

SEGUNDO.- TRAMITACIÓN DE ACTAS E PROPOSTA DE CONCESIÓN.

1.- Realizadas as probas ou actos de avaliación dos alumnos que concorrán ó Premio Extraordinario, o Tribunal deberá cubri-las actas consonte ó modelo adxunto.

2.- A proposta de concesión de premios extraordinarios será elevada pola Facultade á Xunta de Goberno para que proceda á concesión dos mesmos.

3.- Unha vez concedidos pola Xunta de Goberno os premios extraordinarios, a Secretaría Xeral remitirá as actas dos tribunais e a certificación da concesión á Unidade de Xestión Académica.

Santiago, 15 de decembro de 1995

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada

- SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN
- SR. VICERRECTOR DE COORDINACIÓN DO CAMPUS DE LUGO
- DECANOS E DIRECTORES
- SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO
- SRES./A. XEFES/A. DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA
- ASESORÍA XURÍDICA
- SERVICIOS INFORMÁTICOS
- SERVICIO DE INFORMACIÓN

# ACTA DO PREMIO EXTRAORDINARIO DE LICENCIATURA

En Santiago de Compostela a ....., constituído o Tribunal para a concesión do Premio Extraordinario da Licenciatura de ..... e que consonte o Acordo da Xunta da Facultade de ..... do ..... está composto por:

- <sup>1</sup> Presidente: .....
- Secretario: .....
- Vocal: .....
- Vocal: .....
- Vocal: .....

Unha vez examinado-los expedientes dos alumnos que concorran ó Premio Extraordinario e que a continuación se relacionan:

DNI	APELIDOS	NOME
.....	.....	.....
.....	.....	.....
.....	.....	.....
.....	.....	.....
.....	.....	.....

Este tribunal, e de acordo coa normativa de concesión de Premios Extraordinarios para a Licenciatura de ....., e constatado-los méritos<sup>2</sup> académicos dos alumnos, procede formular proposta de concesión do Premio Extraordinario ós seguintes alumnos<sup>3</sup>:

.....  
.....

E para que así conte, asíñase esta acta polos membros do tribunal

O Presidente

O Secretario

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

<sup>1</sup> Farase consta-lo nome completo e o corpo docente ó que pertence.  
<sup>2</sup> Se se realizan probas ou exercicios, as cualificacións reflectiranse no reverso.  
<sup>3</sup> Dous alumnos como máximo.